

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE SOBREIRA-VALADARES  
CURSO: 3º EDUCACION PRIMARIA  
MATERIA: LINGUA CASTELÁ, LINGUA GALEGA, MATEMÁTICAS,  
CIENCIAS SOCIAIS E CIENCIAS DA NATUREZA  
DATA: 07-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>LINGUA CASTELÁ</b>	
B1.9. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.	LCB1.1.2. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais.
B2.1. Ler en voz alta e en silencio diferentes textos.	LCB1.6.1. Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para obter información.
B2.8. Utilizar de xeito guiado as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información.	LCB1.7.1. Reproduce de memoria textos literarios, non literarios e propios, sinxelos e breves, axeitados aos seus gustos e intereses.
B5.5. Reproducir textos literarios breves e sinxelos e adaptados á idade.	LCB 1.9.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais.	LCB2.1.1. Le en voz alta, sen dificultade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.
B1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situación de aula. B1.6. Utilizar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe.	LCB2.8.1. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para buscar información.
B1 .7. Reproducir textos axeitados aos seus gustos e intereses.	LCB4.3.2. Aplica as normas de concordancia de xénero e número, na expresión oral e escrita.
	LCB5.5.1. Memoriza e reproduce textos orais moi sinxelos adecuados á súa idade: contos, poemas ou cancións.

MATEMÁTICAS	
B1.2. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados para a resolución de problemas.	MTB1.1.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas:revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución etc.
B1.3. Utilizar os medios tecnolóxicos de modo habitual no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionar información relevante en internet ou en outras fontes elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións.	MTB1.2.1. Planifica o proceso de traballo con preguntas apropiadas: que quero descubrir?, que teño?, que busco?, como o podo facer?, non me equivoquei ao facelo?, a solución é idónea?
B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 10.000
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.1.2. Aproxima números á decena, centena e millar.
B2.3. Realizar operación e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.2.1. Realiza correctamente series tanto ascendentes coma descendentes.
	MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 10.000.
	MTB2.2.3. Descompón, compón e redondea números naturais, interpretando o de posición de cada unha das súas cifras.
	B2.3.1. Constrúe e memoriza as táboas de multiplicar, utilizándoas para realizar cálculo mental.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>LINGUA GALEGA E LITERATURA</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender textos orais sinxelos dos medios de comunicación, extraendo o sentido global e información específica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo dos medios de comunicación, extraendo o sentido global da mensaxe.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilizar os documentos audiovisuais como instrumento de aprendizaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Usa e manexa documentos impresos, audiovisuais e dixitais para obter a información máis importante e necesaria.</li> <li>- Selecciona informacións relevantes dos documentos audiovisuais para realizar tarefas de aprendizaxe</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprende a información relevante de textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás</li> <li>- Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo).</li> <li>- Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, instrucións...</li> <li>- Elabora diferentes tipos de textos (narrativos e descritivos) seguindo un guión establecido.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado...</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe elemental nas producións orais e escritas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Emprega, de forma xeral, os signos de puntuación.</li> <li>- Usa unha sintaxe elemental adecuada nas súas producións.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para</li> </ul>

	comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.	
<b>CIENCIAS DA NATUREZA</b>		
- Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborando con certa autonomía documentación sobre o proceso.	- Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes.	
- Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación, e obter unha información.	- Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno mediante a observación obtén unha información.	
- Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	- Explica a morfoloxía externa do propio corpo, o seu funcionamento nun sentido global e os cambios nas distintas etapas da vida.	
- Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso deseñando protocolos para a súa prevención.	- Recoñece algúns factores causantes das enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe e obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.	
- Deseñar un menú equilibrado para a súa idade.	- Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais. - Diferencia entre dieta equilibrada e non equilibrada e elabora un menú saudable na escola.	
- Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais e plantas do seu contorno próximo, recoñecer as súas características principais e buscar información en fontes variadas.	- Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico. - Utiliza claves e guías para a clasificación de animais e plantas.	
- Observar e rexistrar algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo, no seu medio ou na aula. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais variados.	- Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo e as explica empregando diferentes soportes.	
<b>CIENCIAS SOCIAIS</b>		
- Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre a área (empregando as TIC e outras fontes), a realización dun produto, a documentación do proceso (a través do uso do cartafol) e a comunicación do resultados, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto.	- Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.	
- Coñecer a terminoloxía propia da área e achegarse a comprender	- Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de	
ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 5 DE 8	CENTRO: CURSO: MATERIA:

textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.	carácter social, xeográfico e histórico.
- Recoñecer e situar os elementos principais do sistema solar: o Sol, os planetas e as súas características básicas empregando as TIC.	- Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunha das súas características básicas empregando as TIC.
- Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar recoñecendo as súas características principais, movementos e consecuencias máis directas que producen na súa vida diaria e na contorna próxima.	- Expón, de maneira sinxela, como se produce o cambio entre o día e a noite e as estacións do ano como consecuencia dos movementos terrestres.
- Orientarse no espazo próximo empregando algunha técnica de orientación e instrumentos.	- Orientase no espazo empregando algunha técnica de orientación e instrumento.
- Identificar a atmosfera como escenario dos fenómenos meteorolóxicos, coñecer algúns destes fenómenos máis frecuentes na súa contorna e explicar, de maneira sinxela como se forman as nubes e as precipitación.	- Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións.
- Explicar como se produce o ciclo da auga e as súas fases relacionándoos cos elementos da paisaxe da súa contorna próxima.	- Escribe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga.
- Explicar que é unha paisaxe, os seus elementos básicos e recoñecer os distintos tipos de paisaxes de Galicia.	- Define paisaxe, identifica os seus elementos e recoñece as diferentes tipos de paisaxe básicas na comunidade autónoma.
- Explicar a importancia e as consecuencias da intervención humana no medio próximo valorando a necesidade dun desenvolvemento sostible.	- Explica o impacto e as consecuencias negativas que a acción humana ten sobre o medio máis próximo.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- A avaliación será continua, tendo en conta o progreso do alumno/a en todas as áreas.</li><li>- Partirase da media das avaliacións anteriores e o 3º trimestre terá un carácter sumativo, é dicir, positivo para o alumnado en relación á recuperación de materias suspensas ou unha cualificación maior ás anteriores avaliacións.</li><li>- Promocionará todo o alumnado. No caso de suspender algunha materia, terán que ser materias que xa estiveran suspensas nas anteriores avaliacións.</li><li>- Primaranse as materias instrumentais: lingua galega, lingua castelá, lingua estranxeira e matemáticas.</li><li>- As materias como as CCNN e CCSS serán utilizadas como vehículo para traballar as materias instrumentais.</li><li>- As demais especialidades (Educación Artística, E.F. e Relixión/VSC) terán un carácter voluntario por parte do alumnado.</li></ul>
	Neste terceiro trimestre os instrumentos de avaliación quedan restrinxidos a: <ul style="list-style-type: none"><li>- Control e seguimento das tarefas correxidas enviadas polo alumnado.</li><li>- Táboa de indicadores das videoconferencias Webex</li></ul>
<b>Cualificación final</b>	Partirase da media das avaliacións anteriores ponderada á alza coa nota da terceira avaliación, no seu caso. É dicir, o 3º trimestre terá un carácter sumativo, positivo para o alumno/a en relación á recuperación de materias suspensas ou dunha cualificación maior.
<b>Alumnado de materia pendente</b>	O alumnado que presente materias pendentes na primeira e segunda avaliación manterá a mesma calificación salvo que no traballo realizado neste terceiro trimestre presente unha melloría significativa que supoña a consecución dos obxectivos mínimos esixibles para a superación da materia.



### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p><b>Actividades</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Envíanse diariamente propostas das diferentes materias, alternando fichas para imprimir e fichas interactivas, para reforzar as competencias traballadas durante o 1º e 2º trimestre: lecturas, ditados, operacións, problemas, xogos de números e letras, textos rimados, pequenas investigacións, comprensións orais e lectoras, creación de textos...</li> </ul>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tutorización e seguimento do alumnado online, propiciando un entorno educativo flexible e intuitivo.</li> <li>- Realización de actividades grupais e/ou individuais nas videoconferencias, prestando maior atención ao desenvolvemento de contidos de tipo emocional.</li> <li>- Actividades individuais de reforzo/repaso/recuperación/ampliación que son enviadas polo alumnado ao profesorado a través de correo electrónico para a súa corrección.</li> <li>- Realización de sesións de traballo cooperativo.</li> <li>- En caso de problemas coa conectividade, realízanse titorías telefónicas e dase a posibilidade de realización das videoconferencias accedendo co móbil dun dos proxenitores e facendo as tarefas propostas nunha libreta ou caderno.</li> <li>- Alumnado con NEAE e/ou NEE: adaptación dos materiais e recursos plantexados ao grupo-clase e, en algúns casos, elaboración de materiais específicos. Videoconferencias, comunicación mediante correo electrónico e asesoramento telefónico.</li> </ul>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Web do centro</li> <li>- Blogs de materiais didácticos</li> <li>- Webs educativas</li> <li>- Aplicacións educativas</li> <li>- Plataforma Webex</li> <li>- Vídeos educativos</li> <li>- Xogos educativos</li> <li>- Actividades interactivas</li> <li>- Actividades impresas</li> </ul>

### 4. Información e publicidade

<p><b>Información ao alumnado e ás familias</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Web do centro</li> <li>- Mensaxería Abalar</li> <li>- Videoconferencias Webex</li> <li>- Teléfono particular</li> <li>- Clasdojo</li> </ul>
<p><b>Publicidade</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Páxina web do centro</li> <li>- Asesoramento telefónico individualizado</li> </ul>